

### 3.- POLÍTICA DE INCENTIVOS

A aproximación ó papel do investimento público na área funcional da análise (comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal) realizárase a partires da información do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e da Dirección Xeral de Industria.

En relación ós incentivos rexionais aprobados para a área funcional de Ferrol entre 1995 e 1998, o investimento subvencionable foi de 61.537,8 millóns de pesetas, sendo a subvención final de 15.025,9 millóns de pesetas. Esta subvención vai ligada á condición de crear 708 postos de traballo e á de manter 604 postos (**cadro 3.1.**).

Por comarcas, a comarca de Eume recibiu a meirande parte das subvencións neste período: un total de 11.959 millóns de pesetas nestes anos. A comarca de Ferrol

recibiu unha subvención total de 3.048,9 millóns de pesetas, en tanto que a comarca de Ortegal acolleu 17,9 millóns de pesetas de subvención no mesmo período.

A actividade económica máis favorecida polos incentivos rexionais foi a industria química, cun investimento subvencionado de 13.091,2 millóns de pesetas, o que supón o 87,12% do total do investimento subvencionado.

Os sete expedientes concedidos en setembro de 1997 ó Grupo Tojeiro, correspondentes a un investimento de 44.450 millóns de pesetas, cunha subvención de 11.557 millóns, ligada á creación de 331 postos de traballo, están pendentes de executar ata que empece a planta de gasificación de gas natural a partir da cal se producirán urea, colas e fertilizantes químicos.

**Cadro 3.1. Incentivos rexionais aprobados para a área de Ferrol 1995-98**

(en miles de pesetas)

	Ano	CNAE	Investimento subvencionable	Subvención	Postos a crear	Postos a manter
<b>Comarca de Ferrol</b>	1995	25	957.709	258.581	9	31
	1995	43	668.216	160.372	9	88
	1995	25	6.377.968	1.275.594	66	-
	1995	48	2.112.120	485.788	37	98
Total 1995			10.116.013	2.180.335	121	217
	1997	49	632.780	158.195	45	50
	1997	47	572.215	85.832	4	15
	1997	46	221.789	28.833	10	37
	Total 1997		1.426.784	272.860	59	102
	1998	31	2.316.801	417.024	49	-
	1998	46	866.989	130.048	10	51
	1998	46	131.440	23.659	10	-
	1998	42	113.674	25.008	8	-
Total 1998		3.428.904	595.739	77	51	
<b>Comarca de Ortegal</b>	1996	42	199.321	17.938	4	79
<b>Comarca do Eume</b>	1997	49	445.552	102.477	25	-
	1997	25	15.295.000	3.976.700	50	-
	1997	25	6.892.000	1.791.920	50	-
	1997	25	6.118.000	1.590.680	50	-
	1997	25	4.370.000	1.136.200	50	-
	1997	25	3.596.000	934.960	50	-
	1997	25	1.624.000	422.240	31	-
	1997	25	6.555.000	1.704.300	50	-
	1997	47	892.904	160.723	27	155
	Total 1997		45.788.456	11.820.200	383	155
	1998	46	386.000	100.360	49	-
	1998	49	192.293	38.459	15	-
Total 1998		578.293	138.819	64	-	
<b>Total 1995-98</b>			<b>61.537.771</b>	<b>15.025.891</b>	<b>708</b>	<b>604</b>

Fonte: *Igape*

En canto ó Plan Ferrol, a 23 de febreiro de 1999 aprobáronse un total de 24 expedientes da Orde do 7-7-1997 pola que se establece un programa de axudas ós proxectos empresariais de investimento que contribúan á creación e mantemento de emprego estable.

A subvención foi de 1.946,5 millóns de pesetas, o que supón o 13% do total do investimento subvencionable. Estas subvención van ligadas á creación dun total de 480 empregos e ó mantemento dun total de 265 (**cadro 3.2.**).

Polo que atinxe ó Programa Lanza, na área de Ferrol presentáronse un total de 61 proxectos no período 1994-98, dos que foron seleccionados 19. Neste período creáronse un total de 8 empresas con 12 socios traballadores e 21 traballadores totais (**cadro 3.3.**).

Finalmente, no concernente ás axudas financeiras concedidas ás *pemes* no período 1996-98, do total de 208 expedientes, a maior parte dos mesmos corresponderon a expedientes de investimento (144 casos), seguido dos programas de *leasing*, con 49

**Cadro 3.2. Plan Ferrol: expedientes da Orde do 7-7-1997 aprobados a 23-2-1999**

(en miles de pesetas)

	CNAE	Inversión Subvencionab.	Subvención	%	Emprego crear	Emprego Manter
<b>Decembro 97</b>	29	107.336	27.607	25,72	25	25
	37	631.822	48.000	7,60	8	5
	51	82.760	16.444	19,87	8	-
	28	188.719	37.743	20,00	15	-
	27	2.327.381	364.107	15,64	49	-
	36	81.010	14.582	18,00	5	-
	20	860.114	60.000	6,98	10	51
<b>Total</b>		<b>4.279.142</b>	<b>568.483</b>	<b>13,28</b>	<b>120</b>	<b>81</b>
<b>Xaneiro 98</b>	28	76.864	19.985	26,00	13	2
	63	180.386	19.842	11,00	5	-
	20	131.440	22.345	17,00	10	-
	33	53.797	8.608	16,00	4	26
<b>Total</b>		<b>442.487</b>	<b>70.780</b>	<b>16,00</b>	<b>32</b>	<b>28</b>
<b>Marzo 98</b>	20	386.000	77.200	20,00	49	-
	22	2.944.333	235.547	8,00	34	83
	<b>Total</b>		<b>3.330.333</b>	<b>312.747</b>	<b>9,39</b>	<b>83</b>
<b>Outubro 98</b>	63	229.450	25.239	11,00	10	24
	<b>Total</b>		<b>229.450</b>	<b>25.239</b>	<b>11,00</b>	<b>10</b>
<b>Decembro 98</b>	37	8.812	2.379	27,00	3	-
	17	2.146.203	214.620	10,00	32	-
	17	1.175.700	176.355	15,00	30	-
	24	125.722	25.144	20,00	15	-
	26	365.556	127.945	35,00	91	49
	28	379.519	34.157	9,00	9	-
<b>Total</b>		<b>4.201.512</b>	<b>580.600</b>	<b>13,82</b>	<b>180</b>	<b>49</b>
<b>Febreiro 99</b>	90	335.483	36.903	11,00	11	-
	1	175.493	17.549	10,00	8	-
	28	196.986	46.440	23,58	16	-
	37	2.375.611	287.739	12,11	20	-
<b>Total</b>		<b>3.083.573</b>	<b>388.631</b>	<b>12,60</b>	<b>55</b>	<b>-</b>
<b>TOTAL</b>		<b>15.566.497</b>	<b>1.946.480</b>	<b>13</b>	<b>480</b>	<b>265</b>

Fonte: IGAPE

**Cadro 3.3. Empresas creadas a través do Programa Lanza na área de Ferrol 1994-98**

	Empresas	Socios traballadores	Empregados fixos	Empregados temporais	Total traballadores
<b>1994</b>	1	2	-	-	2
<b>1996</b>	3	4	-	2	6
<b>1997</b>	3	4	-	3	7
<b>1998</b>	1	2	-	4	6
<b>Total</b>	<b>8</b>	<b>12</b>	<b>-</b>	<b>9</b>	<b>21</b>

Fonte: Igape

**Cadro 3.4.**

**Subvencións a proxectos na zona mineira de As Pontes (3/3/99)**

Investimento empresas segundo Miner. Cuencas O.M. 6/3/98	Miner Cuencas	Incentivos económicos rexionais (IER)	Miner reindustrialización (préstamo a 15 anos ó 0% de interese)	Igape	Plan de desenvolvemento As Pontes	Número de empregos xerados
<i>Galparquet</i> (386.000.000 pts)	48.250.000 pts (12,5%)	103.360.000 pts (26%)	90.000.000 pts	77.200.000 pts Igape emprego estable	57.900.000 pts (15%)	49
<i>Iniciativa y transformaciones avícolas, S.L.</i> (118.000.000 pts)	14.209.250 pts (12,5%)	25.008.280 pts (22%)	47.000.000 pts	16.444.400 pts (14,46%) Igape emprego estable	6.820.440 pts (6%)	10
<i>Técnica de envases pesqueros, S.A. (TEPSA)</i> (460.200.000 pts)	55.221.250 pts (12,5%)	57.594.600 pts (14% segundo BOE 26/11/98)		28.797.300 pts (7%) Igape emprego estable 150.000.000 pts préstamo subsidiado Igape-Entidades financeiras	24.683.400 pts (6%)	14
<i>Aceriusa</i> (363.445.000 pts)	45.430.620 pts (12,5%)	En estudio (pendente da reunión do grupo de traballo en Madrid en abril)	13.200.000 pts	Proposta do 9% do investimento subvencionable (pendente da resolución Igape emprego estable)	54.516.000 pts (15%)	9
<i>Ediciones informatizadas (EINSA)</i> (2.944.333.000 pts)	160.677.000 pts (5,41%)	588.866.600 pts (20%)	460.000.000 pts (5/11/97) 546.000.000 pts	235.546.640 pts (8%) Igape emprego estable 500.000.000 pts préstamo subsidiado Igape-ICO	439.500.000pts (15%)	34
<i>Idea e producto néboa, S.A.</i> (70.433.292 pts)	8.804.161 pts (12,5%)		16.000.000 pts		9.487.755 pts (15%)	5
<i>Plásticos Ferro, S.L.</i> (129.950.000 pts)		10.795.500 pts (9%)			7.197.600 pts (6%) (Muras)	2
<i>Aldeas artesáns, S.L.</i> (25.962.000 pts)				3.063.517 pts (11,8%) Igape emprego estable	2.265.870 pts (6%) (Xermade)	5+2
<i>Vivero de plantas ornamentales</i> (12.636.325 pts)					758.000.000 pts (6%) (San Sadurniño)	2+1

Fonte: *Igape*

O promotor de Superplate 2000 renunciou (segundo o informado pola Opyde na acta nº 29 da Comisión Executiva) ás subvencións concedidas (entre elas a de Miner Cuencas) xa que finalmente non levará a cabo o proxecto

*Idea e producto néboa, S.A.* foi inaugurada o día 22 de xaneiro de 1999

expedientes. O préstamo subvencionable dos 208 programas foi de 8.027 millóns de pesetas, dos que o 75,81% (6.085 millóns de pesetas) corresponde ós programas de investimentos e o 13,35% (1.072 millóns de pesetas) ó programa de *leasing*.

O maior número de expedientes nese período 1996-98 corresponde á comarca de Ferrol, con 153, e, por conseguinte, é tamén a que levou a maior cantidade de préstamo subvencionable e a maior obrigación de emprego a manter. Así, Ferrol recibiu un

total de 5.269 millóns de pesetas coa obriga- ción de manter un total de 4.689 empregos. Os programas de investimentos son os que maior préstamo subvencionable reciben, aínda que son os programas de *leasing* os que teñen a obriga de manter un maior número de empregos (2.428 fronte ós 2.061 dos programas de investimentos).

Igual que na comarca de Ferrol, na comarca de Eume os programas de investi- mento son os que reciben un maior préstamo subvencionable (2.217 millóns de pesetas,

fronte ós 93 millóns de pesetas no caso dos programas de *leasing*), pero neste caso, son tamén os que teñen que manter un emprego maior. No caso da comarca de Ortegal, o préstamo subvencionable acadou tan só un total de 434 millóns de pesetas, o que representa o 5,41% do total dos préstamos subvencionables da área considerada.

### **Subvencións a proxectos na zona minera de As Pontes**

Como se recolle no **cadro 3.4.**, son 9 os proxectos xa confirmados que recibiron subvencións na zona mineira de As Pontes, cunha previsión de xeración conxunta de 130 empregos.

Os cinco instrumentos que canalizan as subvencións son o Miner-Concas, os Incentivos Económicos Rexionais (IER), o Miner-Reindustrialización, o Igape e mailo Plan de Desenvolvemento de As Pontes. □